

[As actividades comencan o día 17]

HORA	LUNES	MARTES	MIERCOLES	JUEVES	VIERNES
10:30-11:30	Internet	Informática	Internet	Informática	Internet
11:30-12:30					
12:30-13:30	A	A	A	A	A
17:00-18:00	Internet Avanzado	Informática Avanzada	Internet Avanzado	Informática Avanzada	Internet Avanzado
18:00-19:00					
19:00-20:00	Fotografía	DNI-e	Fotografía	DNI-e	Fotografía

### Descrición das actividades

**I.Informática:** O alumno descubre os conceptos básicos para aprender a manexar e xestionar un equipo informático como os seguintes:

- Descríbense os distintos compoñentes dunha computadora e a iteración entre os mesmos.
- Introducción no manexo e xestión do sistema operativo
  - A saber:
    - Navegación dentro do sistema
    - Busca de arquivos
    - Creación de directorios
    - Creación de documentos básicos
    - Reprodución de vídeos
    - Reprodución de música
    - Uso do pendrive, ...

**I.Internet:** O alumno aprenderá a manexarse por Internet realizando:

- Pesquisas en diferentes buscadores (Google, Bing, ask, duckduckGo,...)
- Aprenderá a navegar polas distintas canles de televisión que permiten ollar TV en directo así como TV a carta.
- Así mesmo aprenderá a navegar polas canles de radio facendo uso de podcast.
- Navegará polas distintas web's de xornais ollando as noticias do día.
- Coñecerá que é a web 2.0, e as distintas plataformas de referencia que a conforman (meneame.net, fresqui.com, [chuza.gl](http://chuza.gl), reddit.com,...)

- **DNI-e e administración electrónica:** O alumno aprenderá as distintas partes que copoñen o dni electrónico e farase unha comparación co dni tradicional.

Así mesmo veremos:

- Como solicitar o dni electrónico
- Como se pode facer a renovación de certificados
- Como se usa tanto en trámites con administracións públicas como con entidades privadas.

**Fotografía Dixital (Iniciación):** O alumno aprenderá as nocións básicas para o manexo da súa cámara

díxital:

- Coñecerá as diferencias entre cámara dixital vs. cámara tradicional
- Así como cámara reflex vs cámara compacta.
- Falaremos de elementos como o diafragma, o obturador óptico, os programas predeterminados, o ISO, os diferentes tipos de luz,...
- Realizará fotografías coa súa cámara dun entorno determinado poñendo en práctica o aprendido.
- Posteriormente aprenderá a copiar as fotografías realizadas na computadora, visualizalas e publicalas en diversos servicios de internet destinados a tal efecto (Flickr, Picasa, Panoramio, ...).

((Atención - é preciso que o alumno dispoña de cámara fotográfica propia!!!!))

**Internet Avanzado:** O alumno aprenderá a xestionar a plataforma on-line de Google, aprendendo así a xestionar:

- O seu correo electrónico (Gmail)
- A crear documentos on-line (Google Docs).
- A xestionar un calendario colaborativo (Gcalendar / Doodle).
- A xestionar Gmaps e puntos de interese.

(Nota Importante: Para poder realizar este curso é preciso ter superado o curso previo de internet (nivel básico).

**Informática Avanzada:** O alumno realizará un breve repaso polos conceptos fundamentais do uso dunha computadora como consolidación dos coñecementos adquiridos, posteriormente o alumno será introducido na administración avanzada do sistema operativo.

- Uso de Skandisk,
- Liberador de espazo
- Defragmenación
- Navegación polo explorador de Windows
- Virtualización
- Securitización do equipo (virus, antivirus, trojanos...)
- Uso da nube (Dropbox, skydrive, ...)

(Nota Importante: Para poder realizar este curso é preciso ter superado o curso previo de informática (nivel básico).

**Aula aberta:** Acceso libre a aula por parte de calquera cidadán.

Información e inscrición:



982 297 350 para chamadas desde fóra do municipio